



Bono alugueiro mocidade

A Xunta de Galicia convoca o programa **Bono alugueiro mocidade** para facilitar o desfrute dunha vivenda ou habitación en réxime de alugamento ou de cesión de uso á mocidade con escasos medios económicos.

Requisitos:

- Ter *menos de 36 anos* no momento de solicitar a axuda.
- Posuír a *nacionalidade* española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza, ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. No caso das persoas estranxeiras non comunitarias deberán acharse en situación de estadía ou residencia regular en España.
- *Ser titular* ou estar en condicións de subscribir en Galicia, en calidade de persoa arrendataria, un *contrato de alugamento de vivenda* ou, en calidade de persoa cesionaria, dun *contrato de cesión de uso*.
- Dispoñer de, polo menos, unha *fonte regular de ingresos*.
- Dispoñer dunhas rendas anuais, incluídas as das persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida ou que se vai arrendar ou ceder, *consten ou non como titulares dun contrato de arrendamento ou cesión*, iguais ou inferiores a 3 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

A renda mensual da vivenda ou o prezo de cesión da vivenda obxecto do contrato de alugamento ou de cesión non poderá superar os seguintes importes:

Zona territorial	Importe da renda mensual de alugamento	Concellos
Prezo máximo superior	700	A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.
Municipios de zona territorial 1	600	Ames, Arteixo, Cambre, Carballo, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros e Ribeira. Lugo. A Estrada, Cangas, Lalín, Marín, O Porriño, Ponteareas, Redondela e Vilagarcía de Arousa
	500	Ares, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cedeira, Cee, Fene, Melide, Mugardos, Neda, Noia, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Sada e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro. Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. Baiona, Bueu, Cambados, Gondomar, O Grove, A Illa de Arousa, Moaña, Mos, Nigrán, Poio, Pontecesures, Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa.
Municipios de zona territorial 2	400	O resto de municipios de Galicia.

Contía, duración e retroactividade das axudas:

- Concederase unha axuda de 250 euros mensuais, co límite da renda mensual, do prezo da cesión ou, de convivir con outras persoas, do importe que lle corresponda satisfacer á persoa beneficiaria.
- A axuda concederase ás persoas beneficiarias polo prazo de dous anos.
- Poderán recoñecerse desde o 1 de xaneiro de 2025, aínda que a data de recoñecemento fose posterior, sempre que o correspondente contrato de alugamento ou cesión de uso estivese vixente nesa data.

O prazo de presentación de solicitudes será do 28 de febreiro ao 28 de marzo de 2025

As **solicitudes** presentaranse obrigatoriamente na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> co formulario VI482E

Máis información no [DOG do 20 de febreiro de 2025](#) e en <https://igvs.xunta.gal/bono-aluguer-mocidade>